



ACTA DA REUNIÓN 9 DE XUÑO DE 2014 DA MESA DE CONTRATACIÓN DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A SUBMINISTRACIÓN SUCESIVA E POR PREZO UNITARIO DE BENS CONSUMIBLES.

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

D^a. Marisol Soneira Tajés
Vicepresidenta 2^o da Mesa do Parlamento de Galicia

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

D. Juan Carlos Caride Puente
Letrado do Parlamento de Galicia

D. José María Ameijenda Cuns
Director da Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 18,15 horas do día **9 de xuño de 2014**, reúnen-se as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración sucesiva e por prezo unitario de bens consumibles para a Administración do Parlamento de Galicia.

Orde do día:

Punto único.- Constitución da Mesa de contratación e apertura e exame da documentación incluída nos sobres "A" (Capacidade para contratar e solvencia económica, financeira e técnica e profesional dos licitadores).

De seguido procedese a:

PRIMEIRO.- O Sr. Presidente declara constituída a Mesa.

A continuación, o Secretario achega a certificación do xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria do Parlamento de Galicia na que se fan constar as proposicións presentadas, que son as seguintes:

Lote 1.- material de oficina:

EMPRESA	registro núm.:
Office Depot, s.l.	23718
Paz Dismac, s.l.	23852

Lote 2.- material de imprenta:

EMPRESA	registro núm.:
Grafisant, s.l.	23840
Brinco soluciones integrales, s.l.	23859

Lote 3.- material de informática:

EMPRESA	registro núm.:
Brinco soluciones integrales, s.l.	23860
Fornecementos Galegos, s.l.	23875

SEGUNDO.- Seguidamente a Mesa de contratación procede ao estudo da documentación contida nos sobres A presentados polas empresas concorrentes.

Examinada a continuación toda a documentación incluída no sobre A da proposición presentada, a Mesa de Contratación comproba que todas as empresas presentan a documentación administrativa requirida segundo o establecido na cláusula sexta dos pregos, polo tanto acorda admitilas a todas para continuar no procedemento de contratación.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 18,25 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data ao principio indicados.



Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente




Marisol Soneira Tajés
Vogal



José Manuel Balseiro Orol
Vogal



Juan Carlos Caride Puente
Vogal



José María Ameijenda Cuns
Vogal



Santiago González Serrano
Secretario